



Concello de Cangas

ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
XGL/2018/46	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	22 de outubro de 2018
Duración	Desde as 20:10 ata as 20:33 horas
Lugar	SALA DE SESIÓNS
Presidida por	MERCEDES GIRALDEZ SANTOS
Secretario	ELEUTERIO PENA LAMAS

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
77010633D	ANDRES GARCIA BASTON	NON
73240505H	HÉITOR MERA HERBELLO	SÍ
78734984G	JESÚS ANTONIO PEREZ GALLEGO	SÍ
76807564F	LOURDES RIAL PARDO	SÍ
78730184B	MARIANO ABALO COSTA	SÍ
76811297Z	MERCEDES GIRALDEZ SANTOS	SÍ
53113479Q	TANIA CASTRO PAREDES	NON
78739263M	TOMÁS HERMELO ÁLVAREZ	SÍ
76328194A	XOSE MANUEL PAZOS VARELA	NON
34907283E	XOÁN CHILLÓN IGLESIAS	SÍ
78736615W	ÁNGELA VIZOSO MARCOS	NON

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión anterior

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou aprobar o borrador da acta da sesión anterior da Xunta de Goberno Local, realizada o 15 de outubro de 2018.

Expediente 5075/2018. Solicitud de sinalización

Desfavorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude presentada polo administrador da Comunidade de propietarios Freixo, 19, para sinalización horizontal e vertical en rúa Freixo.

Visto, así mesmo, o informe emitido pola Policía Local en data 17.10.2018, que indica o seguinte:

"Con relación á solicitude de P.A.D., administrador da Comunidade de propietarios Freixo, 19, na que solicita unha sinalización horizontal con liña amarela e sinalización vertical de sinal de prohibido estacionar para a rúa Freixo, por parte desta policía NON procede o solicitado xa que hai ancho suficiente para poder entrar, aínda con vehículos estacionados.

Os vehículos ao estacionar, como se observa nas imaxes, obstaculizan levemente a saída dos garaxes, tendo en conta que a rúa é de sentido único ascendente, facer mención que as entradas a os garaxes carecen de sinalización de pasaxe permanente".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar integramente o informe emitido pola Policía Local transcrito anteriormente, rexistro nº 1452/18, e na súa consecuencia non acceder ao solicitado.

Expediente 5060/2018. Solicitud de sinalización

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude presentada por J.R.P., con rexistro de entrada nº 10946, no que solicita un sinal de pasaxe permanente para a súa propiedade sita en rúa Paraíso, nºX 2B, a Xunta de Goberno Local, de conformidade co informe emitido en data 16.10.2018 pola Policía Local, acorda acceder ao solicitado.

O presente acordo de autorización carecerá de validez sen a obtención previa da licenza de primeira ocupación, cédula de habitabilidade ou informe do departamento de Urbanismo, relativo a se conta con licenza municipal de obras a edificación onde se pretende instalar o referido sinal.

Concello de Cangas



Expediente 5089/2018. Solicitud de sinalización	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
<p>Vista a solicitude presentada por C.B.N., co rexistro electrónico nº 905/2018, no que solicita un sinal de pasaxe permanente para local sito en rúa Andalucía, nº 1.</p> <p>Visto, así mesmo, o informe emitido en data 16.10.2018 pola Policía Local, que indica o seguinte:</p> <p><i>"Que en virtude da solicitude presentada por C.B.N. o día 24.09.2018 co rexistro electrónico nº 905/2018, para a concesión de un sinal de pasaxe permanente, se despraza a patrulla actuante ata a rúa Andalucía, nº 1, co fin de comprobar a súa situación actual.</i></p> <p><i>Que sendo as 17:00 horas do día 16 de outubro de 2018 se comproba que o baixo en cuestión se atopa en obras sen estar polo momento habilitado para a entrada e saída de vehículos, xa que carece de porta e rebaixe na beirarrúa.</i></p> <p><i>Que a súa propietaria arriba referida nos manifesta que o seu uso vai estar destinado de almacén e ocasionalmente de garaxe mediante elementos de acceso desmontables".</i></p> <p>A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda acceder ao solicitado, condicionando a presente autorización sempre e cando se abra a porta de acceso e se rebaixe a beirarrúa para o acceso de vehículos.</p> <p><u>O presente acordo de autorización carecerá de validez sen a obtención previa da licenza de primeira ocupación, cédula de habitabilidade ou informe do departamento de Urbanismo, relativo a se conta con licenza municipal de obras a edificación onde se pretende instalar o referido sinal.</u></p>	

Expediente 5117/2018. Instalación de mesas e cadeiras en rúa Real, n.º 14	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
<p>A Xunta de Goberno Local, acorda aprobar integramente a proposta-informe da inspectora de taxas de data 18.10.2018, referente á ocupación de vía pública con instalación de mesas e cadeiras en rúa Real, nº X no período que vai do 1 de xuño ao 31 de outubro do ano que andamos, a nome de G.J.G.V. (Mesón O Batel), que é como segue:</p> <p><i>"Departamento de xestión de ingresos tributarios (inspección de taxas)</i></p> <p><i>Asunto: ocupación de vía pública con mesas e cadeiras</i></p> <p><i>A Ordenanza municipal reguladora da instalación das terrazas na vía pública (BOP 27-7-2012), nos artigos 3 e 4, regula as solicitudes e autorizacións do aproveitamento de terreos tanto de dominio público como privados de uso público da ocupación temporal con terrazas e elementos análogos.</i></p> <p><i>A data de hoxe o establecemento que se indica non presentou a correspondente solicitude de ocupación de vía pública para mesas e cadeiras e polo tanto non ten autorización municipal para a dita instalación.</i></p> <p><i>Despois de comprobar a ocupación de vía pública con mesas e cadeiras e tendo en conta o dito</i></p>	



anteriormente, realízase a seguinte PROPOSTA:

1.- G.J.G.V. (MESÓN O BATEL), NIF nº X, con enderezo en rúa Faixa, nº X 36940 Cangas, para a instalación de mesas e cadeiras nunha superficie de 10,00 m²., en rúa Real, nº 14, do 1 de xuño ao 31 de outubro de 2018.

Segundo a Ordenanza municipal, capítulo III, artigo 12, punto 1: (...) non suporán obstáculo para o tránsito de persoas, nin poderá prexudicar a seguridade desde ou do tráfico rodado; punto 2: (...) será requisito indispensable para autorizar (...) que a beirarrúa/rúa (...) teña un ancho mínimo de 3,00 metros e que se deixe un espazo como mínimo de 1,80 metros libres de obstáculos para o tránsito dos viandantes.

COMUNICAR QUE DEBE LIMITARSE AOS METROS AUTORIZADOS E DEIXAR LIBRE O ESPAZO PARA O TRÁNSITO DE VIANDANTES E VEHÍCULOS."

Expediente 5004/2018. Solicitud de instalación de mesas e cadeiras

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, acorda acceder ao solicitado e aprobar integramente a proposta-informe da inspectora de taxas de data 18.10.2018, referente a solicitude de instalación de terraza con mesas e cadeiras, presentada por A.P.P. como titular do establecemento denominado "O PEQUENO LAMBÓN", na Praza do Arco, nº X, que é como segue:

"Departamento de xestión de ingresos tributarios (inspección de taxas)

Asunto: Solicitud de ocupación de vía pública con mesas e cadeiras a nome de A.P.P. (O Pequeno Lambón), A.P.P., con NIF nº X e con enderezo na Urbanización Airiños do Monte, nº X-Darbo, como titular do establecemento denominado 'O Pequeno Lambón', na Praza do Arco, nº X, dedicado a pastelería, ademais da degustación de produtos no establecemento acompañados de bebidas refrescantes e solubles (epígrafe 644.1), solicita a instalación de 5,00 m²., de terraza na vía pública, na rúa lateral do enderezo indicado (2,80 m. de ancho).

A Ordenanza municipal reguladora da instalación das terrazas na vía pública (BOP 27-7-2012), nos artigos 3 e 4, regula as solicitudes e autorizacións do aproveitamento de terreos tanto de dominio público como privados de uso público da ocupación temporal con terrazas e elementos análogos. Segundo o capítulo III:

- Punto 1: a colocación das terrazas nas vías públicas deberá en todo caso respectar o uso común xeral preferente destas. En consecuencia, non suporán obstáculo para o tránsito de persoas, nin poderá prexudicar a seguridade desde ou do tráfico rodado.

- Punto 2: será requisito indispensable para autorizar a instalación da terraza que a beirarrúa/rúa na que se instale teña un ancho mínimo de 3,00 m., e que se deixe un espazo mínimo de 1,80 m., libres de obstáculos para o tránsito dos viandantes.

Proposta-informe: tendo en conta que o ancho da rúa onde solicita a instalación de mesas e cadeiras é de 2,80 m., non é posible o acceso de vehículos, así como o seu estacionamento (casco vello con restricións). Así mesmo, hai instaladas terrazas (Bar Alondras, Tapería Kactus, ...) en beirarrúas de difícil tránsito de viandantes polo reducido do seu espazo".



Concello de Cangas

COMUNICAR QUE DEBE LIMITARSE AOS METROS AUTORIZADOS E DEIXAR LIBRE O ESPAZO PARA O TRÁNSITO DE VIANDANTES.

Expediente 4456/2018. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE 4456/2018.- Conceder a N.G.S., con enderezo a efectos de notificacións en Trigás, s/n-Coiro, titular do DNI nº X, agás dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra para, en solo de núcleo rural, regulado pola ordenanza SNUN, construír unha piscina en Trigás, s/n-Coiro (referencia catastral X), de conformidade co proxecto elaborado polo arquitecto técnico R.S.C. de data agosto de 2018. O presuposto de execución material das obras ascende tres mil douscentos sesenta e oito euros con trinta céntimos (3.268,30 €).

Expediente 4826/2018. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE 4826/2018.- Outorgar a M.C.R., con enderezo electrónico a efectos de notificacións en rúa Outeiro, nº X-Coiro, titular do DNI nº X, agás dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra para, en solo de núcleo rural, regulado pola ordenanza SNUN, demoler unha edificación auxiliar de 38,00 m²., de planta baixa, sita no referido lugar (referencia catastral X), de conformidade co proxecto técnico elaborado polo arquitecto D.G.C. de data setembro de 2018. O presuposto de execución material das obras ascende mil cento sete euros con sesenta e nove céntimos (1.107,69 €), a liquidación efectúouse por importe de dous mil douscentos oitenta e oito euros con trinta e seis céntimos (2.288,36 €).

Expediente 4523/2018. Licenza primeira ocupación

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE 4523/2018.- Expediente de obras nº X.- LICENZA nº X.

Primeiro.- Outorgar licenza municipal de primeira ocupación, a J.L.C.S., con enderezo en rúa Venezuela, nº X-6ºB-Vigo, para unha vivenda unifamiliar, sita no lugar de rúa David Cal, nº X-A-Vilariño-O Hío (referencia catastral X), construída ao abeiro da licenza municipal nº X, tendo en conta o informe-comprobación emitido ao respecto polo arquitecto municipal de data 10 de outubro de 2018, e o informe emitido pola xefa do servizo de urbanismo de data 16 de outubro de 2018.

Expediente 2801/2017. Licencia urbanística de primeira ocupación

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE 2801/2018.- Expediente de obras nº X.- LICENZA Nº X.

Primeiro.- Outorgar licenza municipal de primeira ocupación a A.P.L., con enderezo en Baixada a Ximeu, nº X- Verín-Coiro, para unha vivenda unifamiliar sita no referido lugar (referencia catastral X), construída

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

ao abeiro da licenza municipal nº X e tendo en conta o informe-comprobación, emitido ao respecto polo arquitecto municipal de data 26 de setembro de 2018, e o informe emitido pola xefa do servizo de urbanismo de data 18 de outubro de 2018.

Así mesmo, apróbase a recepción das obras de urbanización previstas no mencionado proxecto e garantidas mediante aval, de conformidade co exposto polo técnico arriba citado.

Expediente 4233/2018. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE 4233/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por A.N.L., para cambio de tellado e portal en edificación adxectiva sita no lugar da Avda. de Lugo, nº X-Cangas (referencia catastral X), de conformidade coa documentación presentada. O presuposto de execución das obras ascende a dous mil seiscentos cincuenta e tres euros (2.653,00 €).

Expediente 2575/2018. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 2575/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por "ROGELIO IGLESIAS E HIJOS SA", titular do CIF nº X, con enderezo a efectos de notificacións en San Cibrán, nº X-Aldán, para instalación de tanque separador de graxas e conexión á rede xeral en edificación sita en Estrada de Bueu, nº X-Aldán (referencia catastral X), de conformidade coa documentación incorporada ao expediente de data maio de 2018 e visto o informe de "UTE Gestión Cangas", de data 3 de agosto de 2018 e a autorización da A.X.I. de data 5 de outubro de 2018. O presuposto de execución material ascende a tres mil setecentos corenta e seis euros con setenta e un céntimos (3.746,71 €).

Expediente 4530/2018. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 4530/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por A.M.F., titular do DNI nº 36.044.768-L, con enderezo a efectos de notificacións en rúa Aldea de Arriba-Edif. Gancho, X-3ºA-Cangas, para instalación de caseta metálica desmontable para aperos de labranza en parcela sita en Longán-Coiro, parcela X, polígono X (referencia catastral X) de conformidade coa documentación incorporada ao expediente en data setembro de 2018. O presuposto de execución material ascende a dous mil trescentos cincuenta e seis euros con vinte céntimos (2.356,20 €).

Acéptaselle a renuncia do valor expropiatorio realizada en acta de comparecencia de data 9 de outubro de 2018.

Concello de Cangas



Concello de Cangas

Expediente 4452/2018. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE 4452/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por H.P.R., titular do DNI nº X, con enderezo a efectos de notificacións en rúa Rioesteiro, nº X-Vilariño, para cambio de cuberta de vivenda sita no referido lugar (referencia catastral X), de conformidade coa documentación redactada pola arquitecta M.T.F.I. de data setembro de 2018. O presuposto de execución material ascende a oito mil cincocentos euros (8.500,00 €).

Expediente 4802/2018. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 4802/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por J.F.R. titular do DNI nº X, con enderezo a efectos de notificacións en rúa Nova, nº X, para cambio de tella en vivenda sita no referido lugar (referencia catastral X), de conformidade coa documentación redactada polo arquitecto A.R.A. de data setembro de 2018. O presuposto de execución material ascende a dous mil trescentos dezasete euros con noventa e tres céntimos (2.317,93 €).

Expediente 4624/2018. A) Licenza urbanística.- B) Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

A) Licenza urbanística

EXPEDIENTE 4624/2018.- Outorgar a G.P.V., con enderezo a efectos de notificacións en rúa Xoan Piñeiro, nº X-Nerga, titular do DNI nº X, agás dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra para, en solo de núcleo rural, regulado pola ordenanza SNUN-SNUA, demoler unha edificación auxiliar de 17,50 m²., sita no referido lugar (referencia catastral X), de conformidade coa documentación incorporada ao expediente de data setembro de 2018. Condicionada a formalizar perante o Catastro Inmobiliario a declaración conducente a incorporación neste da modificación do inmovible derivada da actuación para a que se outorga a presente licenza. O presuposto de execución material das obras ascende a setecentos euros (700,00 €).

B) Comunicación previa en materia urbanística

EXPEDIENTE Nº 4624/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por G.P.V., titular do DNI nº X, con enderezo a efectos de notificacións en rúa Xoan Piñeiro, nº X-Nerga, para reparacións en edificación adxetiva de 6,95 m²., de superficie, sita no referido lugar (referencia catastral X), de conformidade coa documentación incorporada ao expediente de data setembro de 2018. O presuposto de execución material ascende a mil cincocentos cincuenta euros (1.550,00 €).

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

Expediente 4900/2018. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE 4900/2018.- Dáse conta da comunicación previa presentada por COMUNIDADE PROPIETARIOS EDIFICIO PLAZA REAL 57-59-61, para reparación de chapas onduline en fachadas de edificio sito no referido lugar, de conformidade coa documentación presentada. O presuposto de execución das obras ascende a cincocentos corenta euros (540,00 €).

Expediente 4623/2018. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 4623/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por E.P.V., titular do DNI nº X, con enderezo a efectos de notificacións en rúa Baixada a Nerga, nº X-O Hío, para cambio de tella e pintado de fachadas en edificación sita en rúa Baixada a Nerga, nº X-O Hío (referencia catastral X), de conformidade coa documentación redactada polo arquitecto técnico F.M.L. de data setembro de 2018 e vista a autorización da Deputación de Pontevedra de data 6 de setembro de 2018. O presuposto de execución material ascende a catro mil douscentos noventa e cinco euros con noventa céntimos (4.295,90 €).

Expediente 4444/2018. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE 4444/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por M.C.R.C., titular do DNI nº X, con enderezo a efectos de notificacións en rúa San Pedro, nº X-Darbo-Cangas, para cambio material de cubrición de edificación auxiliar existente sita no referido lugar (referencia catastral X), de conformidade coa documentación redactada polo arquitecto técnico R.S.C. de data agosto de 2018. O presuposto de execución material ascende a trescentos trinta e dous euros con corenta céntimos (332,40 €).

Expediente 4894/2018. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 4894/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por COMUNIDADE DE VECIÑOS ANCORADOURO, titular do CIF nº X, con enderezo a efectos de notificacións en rúa Vilaboa, nº X-Cangas, para substitución de material de cubrición en edificio sito no referido lugar (referencia catastral X), de conformidade coa documentación redactada polo arquitecto técnico A.G.P. de data agosto de 2018. O presuposto de execución material ascende a dezaioito mil cincocentos oitenta e sete

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

euros (18.587,00 €).

Expediente 4660/2018. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 4660/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por A.V.E., titular do DNI nº X, con enderezo a efectos de notificacións en rúa Boubeta, nº X-Coiro, para reforma de fachadas (instalación de S.A.T.E.) en vivenda sita no referido lugar (referencia catastral X), de conformidade coa documentación redactada pola arquitecta M.T.F.I. de data setembro de 2018 e vista a autorización da Deputación de Pontevedra de data 2 de outubro de 2018. O presuposto de execución material ascende a doce mil setecentos euros (12.700,00 €).

Expediente 4450/2018. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 4550/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por COMUNIDADE PROPIETARIOS AS RODAS, titular do CIF nº X, con enderezo a efectos de notificacións na Avda. de Vigo, nº X-Cangas, para pintado de patios interiores de edificación existente sita no referido lugar (referencia catastral X), de conformidade coa documentación incorporada ao expediente de data 7 de setembro de 2018. O presuposto de execución material ascende a mil vinte euros (1.020,00 €).

Expediente 4436/2018. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 4436/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por M.L.G., titular do DNI nº X, con enderezo a efectos de notificacións en rúa Quiringosta, nº X-Darbo-Cangas, para mellora de revestimento de fachadas de edificación sita no referido lugar (referencia catastral X), de conformidade coa documentación redactada polo arquitecto técnico J.F.S. de data setembro de 2018. O presuposto de execución material ascende a seis mil seiscientos euros (6.600,00 €).

Expediente 1452/2018. Solicitud de inicio de expediente de contratación parques forestais

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, acorda aprobar a proposta da Concellería de Desenvolvemento Económico e Emprego Local, de data 17.10.2018, de solicitude de inicio de expediente de

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



contratación destinada á mellora dos montes mediante a creación de parques forestais, subvencionado pola Deputación de Pontevedra, que di:

"Expediente: 1452/2018

Asunto: SOLICITUDE DE INICIO DE EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN

Exposición de motivos:

Vista a convocatoria da Deputación de Pontevedra, publicada no BOPPO núm 243, do día 21 de decembro de 2017, de Subvencións a concellos da Deputación Provincial de Pontevedra, destinada á mellora dos montes mediante a creación de parques forestais.

Vista a solicitude de axuda do Concello de Cangas á Deputación de Pontevedra ao amparo das bases do 21/12/2017, para a mellora dos montes mediante a creación do proxecto integral do Parque Forestal Varalonga-Vilariño.

Vista a resolución de concesión de axuda da Deputación de Pontevedra con data 26 de xuño de 2018, para a execución de dito proxecto

Propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

ACORDO:

Primeiro.- Iniciar expediente de redacción de pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexerán o procedemento de licitación do proxecto contido no expediente 1452/2018.

Segundo.- Dar traslado deste acordo aos departamentos de secretaría, intervención e apoio xurídico."

Expediente 788/2018. Aprobación conta xustificativa da axuda concedida ao abeiro do convenio asinado para a contratación de auxiliares de policía local durante a tempada de verán 2018.

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
------------------	---

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta da Alcaldía de data 17.10.2018, de aprobación da conta xustificativa da axuda concedida ao abeiro do convenio asinado para a contratación de auxiliares de policía local durante a tempada de verán 2018, que é como segue:

"Aprobación conta xustificativa da axuda concedida ao abeiro do convenio asinado para a contratación de auxiliares de policía local durante a tempada de verán 2018.

Que en relación co convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Concello de Cangas, asinado en data do 28 de setembro de 2018 para a contratación de auxiliares de policía local durante a tempada de verán, no que se fai constar que á Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, cooperará na realización das actuacións a que se refire a cláusula primeira do



Concello de Cangas

dito convenio, mediante a achega máxima de seis mil euros (6.000,00 €) e de conformidade coa documentación que consta no expediente.

Vista a documentación que consta no expediente e especialmente a certificación do interventor municipal de data do 17/10/2018, propoño á Xunta de Goberno Local:

* Aprobar a conta xustificativa da axuda concedida ao abeiro do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Concello de Cangas, asinado en data do 28 de setembro de 2018, para a contratación de auxiliares de policía local durante a tempada de verán, no que se fai constar que á Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administración Públicas e Xustiza, polo importe de cincuenta e nove mil cento sesenta e un euros con cincuenta e un céntimos (59.161,51 €), de conformidade co seguinte:

* Que os gastos totais soportados por esta entidade imputable á actuación subvencionada é de 59.161,51 €, que tomouse razón na contabilidade dos gastos que se xustifican con cargo ás partidas, 2018/130-2014/131. 2018/130-2014/16000:

Apelidos E Nome DNI Data inicio e remate	XUÑO S.B +S,S IRPF	XULLO S.B +S,S IRPF	AGOSTO S.B +S,S IRPF	SETEMBRO S.B +S,S IRPF	OBSERVACIÓNS
S.D.M. 04/05/2018 03/11/2018	1.216,30 428,18 24,32	1.233,92 489,34 24,68	1.233,92 489,34 24,68	1.233,92 428,18 24,68	Prórroga 2 meses incluída
P.N.R. 04/05/2018 03/11/2018	1.216,30 428,18 24,32	1.233,92 489,34 24,68	1.233,92 489,34 24,68	1.233,92 428,18 24,68	Prórroga 2 meses incluída
A.P.G. 11/05/2018 10/11/2018	1.175,17 428,18 23,50	1.233,92 489,34 24,68	1.233,92 489,34 24,68	1.233,92 428,18 24,68	Prórroga 2 meses incluída
J.S.G. 11/05/2018 10/11/2018	1.175,17 428,18 23,50	1.233,92 489,34 24,68	1.393,65 544,76 27,87	1.233,92 428,18 24,68	Prórroga 2 meses incluída
J.M.G.R. 11/06/2018 10/12/2018	831,69 288,60 16,63	1.247,52 494,84 24,95	1.394,56 545,89 27,89	1.247,92 433,03 24,96	Prórroga 2 meses incluída
P.M.P. 11/06/2018 10/12/2018	822,62 285,45 16,45	1.233,92 489,34 24,68	1.391,03 543,86 27,82	1.233,92 428,18 24,68	Prórroga 2 meses incluída
D.G.C. 11/06/2018 10/12/2018	822,62 285,45 16,45	1.233,92 489,34 24,68	1.391,03 543,86 27,82	1.233,92 428,18 24,68	Prórroga 2 meses incluída
A.M.R. 11/06/2018 30/06/2018	822,62 52,64 16,45				Renuncia voluntaria
D.B.R. 02/07/2018 10/12/2018		1.233,92 461,84 24,68	1.233,92 461,84 24,68	1.233,92 404,11 24,68	Cobertura baixa Martínez del Río Prórroga 2 meses incluída

Concello de Cangas



Concello de Cangas

J.P.C.			1.233,92	1.233,92	Contratados trala entrada en vigor orzamentos 2018
01/08/2018			489,34	428,18	
30/11/2018			24,68	24,68	
I.R.L.			1.233,92	1.233,92	Contratados trala entrada en vigor orzamentos 2018
01/08/2018			489,34	428,18	
30/11/2018			148,07	74,04	
Suma total dos salarios	8.082,49	9.884,96	12.973,79	12.353,20	
Suma total Seguridade Social	2.624,86	3.892,72	5.086,91	4.262,58	
Suma total IRPF	161,62	197,71	382,87	296,44	
DATA RECOÑECIMENTO NÓMINA	27/06/2018	26/07/2018	30/08/2018	28/09/2018	
PAGO DA NÓMINA	29/06/2018	27/07/2018	30/08/2018	28/08/2018	
DATA RECOÑECIMENTO SEG.SOC.	26/07/2018	30/08/2018	28/09/2018		
	31/07/2018	31/08/2018	28/08/2018		
DATA RECOÑECIMENTO E PAGO IRPF	12/07/2018	17/08/2018	19/09/2018		
	12/07/2018	17/08/2018	19/09/2018		
SUMA SALARIOS	43.294,44				
SUMA S. SOCIAL	15.867,07				
SUMA IRPF	1.038,64				

- Non se solicitou nin lle foi concedida ningunha outra axuda ou subvención de entidade pública ou privada para ésta actividade que se xustifica.
- Que se deu cumprimento á finalidade para a cal foi concedida a axuda conveniada, de conformidade coa documentación que consta no expediente e na táboa transcrita anteriormente".

Expediente 5093/2018. Solicitud de inicio de expediente de contratación de Aux. UAD

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta da concellería de servizos sociais, igualdade e sanidade de data 17.10.2018, de solicitude de inicio de expediente de contratación de auxiliar de clínica e permisos da DUE, que é como segue:

"Exposición de motivos:

Visto o escrito presentado o 09,10.2018 no rexistro de entrada do Concello de Cangas con rexistro nº 2018-E-RC-12292 e achegado ao expediente 5093/2018, asinado por M.P. e A.F., responsables da atención a persoas con condutas aditivas, no que se solicita a realización de un listado de substitución de forma urxente para cubrir as baixas de auxiliar de clínica e permisos da DUE.

Solicito:

Concello de Cangas



Concello de Cangas

1º.- A creación de forma a urxente do listado de substitución para cubrir as baixas de auxiliar de clínica e permisos da DUE

2º.- Dar traslado deste acordo aos departamentos de secretaria, intervención, apoio xurídico e persoal."

Expediente 5072/2018. Comunicación de xubilación de empregada municipal

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a proposta da Alcaldía de data 16.10.2018, relativa ao escrito de comunicación de xubilación de empregada municipal, que di:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA AO ESCRITO DE COMUNICACIÓN DE XUBILACIÓN DE EMPREGADA MUNICIPAL

Visto o escrito con rexistro de entrada nº 12484, de data do 16 de outubro de 2018, presentada pola empregada municipal, M.D.V.O., con DNI nº X, no que expón que o día 5 de novembro de 2018 cumpre os requisitos para acceder a xubilación de acordo coa lexislación vixente e solicita a tramitación da documentación necesaria para proceder á xubilación ordinaria.

Polo que propoño á Xunta de Goberno Local:

Primeiro.- Tomar coñecemento da xubilación da empregada municipal, M.D.V.O., con DNI nº X, con data 5 de novembro do 2018.

Segundo.- Que polo departamento de persoal se proceda a tramitar a baixa laboral por xubilación ordinaria".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda adoptar os acordos transcritos na proposta presentada.

Ratificación da inclusión na orde do día e declaración da urxencia: de conformidade co sinalado no art. 91.4 e 97.3 do Rd 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes acorda declarar a urxencia e a ratificación da inclusión destes puntos na orde do día.

Expediente 4674/2018. Concesión do Servizo de axuda no fogar (Urxencia)

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude de Servizo de axuda no fogar e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:

* CONCEDERLLE a J.L.R.D.L.C., con DNI nº X, con expediente nº X, o Servizo de axuda no

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

fogar a través da quenda de dependencia e de acordo cos seguintes detalles:

Prestacións:

- * Atencións de carácter persoal
- * Atencións de carácter psicosocial
- * Atencións de carácter doméstico

Custo total do servizo: oitocentos corenta e sete euros con setenta céntimos (847,70 €) (doce euros con once céntimos (12,11 €/hora)).

Achega económica da persoa usuaria: 0,00 €/mes.

Número de horas: 70 horas.

Data de efectos de alta no SAF: 24 de outubro de 2018 ao valorarse un alta urxente.

Expediente 3394/2018. Comunicación previa en materia urbanística (Urxencia)

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 3394/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por “CULTIVOS MARINOS VILANOVA SL”, con enderezo a efectos de notificacións en Praia Alada, s/n–Vilanova-O Hío, titular do CIF nº X, para a instalación de dúas bombas de captación de auga do mar na nave depuradora de moluscos existente en Praia de Alada, s/n-Vilanova-O Hío, de conformidade coa documentación incorporada ao expediente, contando con informe sectorial favorable do Servizo Provincial de Costas de Pontevedra de data 8 de outubro de 2018 e o informe do arquitecto municipal de data 18 de outubro de 2018.

Expediente 5050/2018. Proposta de concesión de subvencións a clubs deportivos (Urxencia)

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a proposta da concellería de ensino e deporte do día 22.10.2018, relativa á concesión de subvencións a clubs deportivos, que é como segue:

“Expediente nº 5050/2018

Procedemento: Concesión de subvencións directas. Clubs deportivos

PROPOSTA DE ACORDO

Visto que con data 30.05.2018 foron aprobados os orzamentos municipais para o exercicio económico 2018.

Concello de Cangas



Visto que, se ben o procedemento ordinario de concesión de subvencións se tramitará en réxime de concorrncia competitiva, segundo o artigo 19 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, poderán concederse de forma directa as seguintes subvencións:

a) As previstas nominativamente nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma nos termos recollidos nos Convenios e na normativa reguladora destas subvencións.

No tocante ao procedemento debemos acudir ao disposto no artigo 26 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, que dispón:

1.- A resolución de concesión e, se é o caso, os convenios a través dos cales se canalicen estas subvencións establecerán as condicións e os compromisos aplicables de conformidade co disposto nesta lei.

Os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente.

2.- As propostas de acordo ou resolución de concesión, ou o instrumento do convenio que se autorice a subscribir, deberán axustarse ás previsións contidas nesta lei, agás no que afecte a aplicación dos principios de publicidade e concorrncia, e conterán como mínimo os seguintes extremos:

a) Definición do obxecto das subvencións, con indicación do carácter singular delas e as razóns que acreditan o interese público, social, económico ou humanitario e aquelas que xustifican a dificultade da súa convocatoria pública.

b) Réxime xurídico aplicable.

c) Beneficiarios e modalidades de axuda.

d) Réxime de xustificación da aplicación dada ás subvencións polos beneficiarios e, se é o caso, polas entidades colaboradoras.

3. A concesión de subvencións por importe superior a cento cincuenta mil euros (150.000,00 €), ou o que determinen as leis anuais de orzamentos, requirirá a autorización previa do Consello da Xunta de Galicia.

Visto que constan no expediente os correspondentes documentos de retención de crédito emitidos por intervención en data 16.10.2018.

PROPOÑO á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Outorgar a seguinte subvención, con cargo á aplicación orzamentaria 340.48.01 do orzamento de gastos do Concello, e formalizala no correspondente convenio, no que se detallen as obrigacións e compromisos do concesionario para aplicar a subvención e xustificala a:

<u>NOME CLUB</u>	<u>IMPORTE</u>
<u>ÁNFORA PATINAXE ARTÍSTICO</u>	1.000,00 €
<u>ALONDRAS C.F.</u>	15.300,00 €



Concello de Cangas

<u>ATLETISMO MORRAZO</u>	700,00 €
<u>ATLETISMO VILA DE CANGAS</u>	5.100,00 €
<u>BALONCESTO DEFENSORES DO MORRAZO</u>	1.800,00 €
<u>BALONMAN CANGAS</u>	30.000,00 €
<u>BALONMAN LUCEROS</u>	11.500,00 €
<u>POMBAS DO MORRAZO</u>	300,00 €
<u>CICLISTA CANGAS</u>	1.100,00 €
<u>CINANIA TENIS DE MESA</u>	1.200,00 €
<u>CRUCEIRO C.F.</u>	2.900,00 €
<u>RÁPIDO BAHÍA</u>	2.400,00 €
<u>GALERNA ACT SUBAC</u>	300,00 €
<u>MAR RIA DE ALDAN</u>	8.500,00 €
<u>MOTOCLUB ALDÁN</u>	350,00 €
<u>NAUTICO CANGAS</u>	800,00 €
<u>NAÚTICO RODEIRA</u>	7.000,00 €
<u>P. CICLISTA BIKE OU NON VAI</u>	600,00 €
<u>PIRAGÜISMO ALDÁN</u>	300,00 €
<u>REMO VILA DE CANGAS</u>	2.000,00 €
<u>SARES TKD CANGAS</u>	2.700,00 €
<u>TENIS CANGAS CLUTECA</u>	1.300,00 €
<u>MASTER MORRAZO</u>	300,00 €
<u>E.F.B. CANGAS</u>	600,00 €
<u>WIND & SUP LIMENS</u>	1.000,00 €
<u>VOLEIBOL MANIOTAS</u>	950,00 €

SEGUNDO.- Notificar aos interesados e requirirles para a sinatura do correspondente convenio.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta transcrita anteriormente de concesión de subvencións a clubs deportivos.

Expediente 4088/2018. Licenza urbanística (Urxencia)

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 4088/2018.- Outorgar a M.R.S.S. E J.A.B.P., con enderezo en Outeiro, nº X-Moaña, licenza de obras para no lugar de Matamouros-Rodeira-Coiro, regulado pola Ordenanza 12, solo non urbanizable de tolerancia exterior (SNUA), construír unha vivenda unifamiliar de 142,49 m²., de planta baixa, 38,39 m²., de aproveitamento baixo cuberta e 13,65 m²., de edificación adxectiva (referencia catastral X), de conformidade co proxecto elaborado polo arquitecto J.M.G.F., de data 27 de xullo de 2018. A licenza deberá cumprir co sinalado na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, no referente os materiais a empregar nos núcleos de poboación e tamén en canto á obriga de conexión cos servizos existentes no núcleo e a formalizar perante o catastro a modificación que presenta esta licenza. O presuposto de execución material das obras ascende a noventa mil catrocentos cincuenta euros (90.450,00 €).

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

Acéptase a fianza para garantir as obras de urbanización depositada en “Abanca”, por importe de setecentos trinta e cinco euros con setenta e oito céntimos (735,78 €), o 3 de outubro de 2018 e a acta de comparecencia de cesión de 23,98 m²., para ampliación do vieiro municipal de data 3 de outubro de 2018.

Expediente 3528/2018. Licenza urbanística (Urxencia)

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE N° 3528/2018.- Outorgar a S.B.R., con enderezo en rúa Faixa, n° X-Cangas, licenza de obras para no lugar de Laguiños, n° X-Vilanova-O Hío, regulado pola Ordenanza 12, solo non urbanizable de tolerancia exterior (SNUA), rehabilitación de edificación tradicional de 115,09 m²., de planta baixa e ampliación desta en 48,27 m²., e 52,24 m²., de terraza (referencia catastral X), de conformidade co proxecto básico elaborado polo arquitecto T.F.A., de data setembro de 2017 e documentación presentada en data 19 de setembro e 2 de outubro de 2018. A licenza outorgase condicionada á presentación do proxecto de execución visado e oficios de dirección, a utilizar os materiais que sinala a Lei 2/2016, de 10 de febreiro, de solo de Galicia, para os núcleos rurais e a formalizar perante o Catastro a modificación que presenta esta licenza. O presuposto de execución material ascende a oitenta e catro mil cincocentos setenta e catro euros con corenta céntimos (84.574,40 €).

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850